

VII Encontro Internacional de Xóvenes Investigadores da Historia Contemporánea Universidade de Granada 5-7 de setembro do 2019

PRIMEIRA CIRCULAR (2 de febreiro de 2018)

Continuando coa enriquecedora experiencia que, dende 2007 e baixo o amparo da Asociación de Historia Contemporánea, vense realizando cada dous anos, os días 5, 6 e 7 de setembro de 2019 celebraremos en Granada o **VII Encontro Internacional de Xóvenes Investigadores en Historia Contemporánea**. Despois do evento que organizaron as compañeiras e compañeiros da Universidade de Zaragoza, continuamos coa intención de impulsa-lo diálogo en torno ós interrogantes –novos e tradicionais– que gravitan sobre a disciplina. E ímolo facer seguindo a senda marcada por quen nos antecedeu, incluíndo entre eles, e especialmente, as persoas que encargáronse de poñer en marcha o Encontro fai case un decenio nesta cidade, coa intención de potencia-los debates, de multiplica-las redes de interrelación entre investigadoras vinculadas a distintas universidades e de ensanchar as nosas perspectivas e marcos de análise.

O obxectivo desta **PRIMEIRA CIRCULAR** é informar sobre a apertura da convocatoria para a presentación de propostas para as mesas-taller e os Scriptoria. En ámbolos dous casos, e a diferenza de anteriores Encontros, deberán ser coordinados por máis dunha coordinadora ou coordinador, pertencendo as persoas que nos envíen a súa proposta a diferentes universidades. Isto, cremos, vai en consonancia cos obxectivos que marcáronse, dende o principio, a organización deste Encontro. Ase, para certifica-la proposta, as persoas que estean interesadas deberán encher un formulario ó que se pode acceder no seguinte enlace –para mesa-taller (Word ou PDF), e para scriptoria (Word ou PDF)–, e remitilo á dirección joveneshistoria2019@gmail.com, **antes do 4 de setembro do 2018**. A continuación apuntamos brevemente no qué consistirán as mesas-taller e os Scriptoria.

Mesa-taller: O número estimado de mesas-taller das que constará este Encontro oscilará entre 16 e 20. Con vistas a adecua-las a unha duración acorde coas horas e datas nas que se desenrolarán, pensamos que –en ningún caso– poden dar cabida a máis de 20 comunicacións. Desta forma, insistindo en que deben de servir para plantexar cuestións abertas polos textos recibidos, en propiciar debates e en ser-lo punto e final dun proceso que se desenrolará nos meses previos (e no cal é indispensable que se plantexen as coordenadas polas cales discorrerá a mesa-taller e se esbochen os principais enfoques que se abordarán nela), esperamos que redunden en beneficio tanto das persoas que participen nela como das que asistan ás mesmas. Tras recibilas

propostas para coordinar mesas e antes de envia-la SEGUNDA CIRCULAR (en xuño de 2018), o Comité Organizador estudará e valorará a idoneidade de fusionar algunhas delas, para que a multiplicidade e/ou excesiva atomización temática non lastre o carácter interdisciplinar e transversal que desexamos que teñan. Do mesmo modo, e coa debida antelación, recomendamos ás persoas encargadas de coordinalas que potencien a fluidez e orienten ás participantes para que estas non resuman os seus textos, xa que as versións definitivas estarán a disposición de quen desexe consul-talas meses antes da celebración do Encontro. No seu lugar, as invitamos a que, dende o momento no que reciban as comunicacións, ate o día no que se desenrole a mesa-taller, fomenten o contacto entre as diversas comunicantes e establezan as principais liñas de traballo que seguirá a mesa (e que, con posterioridade ó evento, e antes da publicación das actas, deberán poñer por escrito, como introdución e guía de cada un dos talleres que se fagan).

Scriptoria: Despois da grata experiencia que supuxo a súa posta a punto no VI Encontro de Xóvenes Investigadores, decidimos dar continuidade ó Scriptoria, un formato que se erixe como un espazo moito máis dinámico e cunha participación máis aberta. Estos Scriptoria non son senón un proxecto de traballo colectivo que se realiza antes, durante e despois do Encontro. A súa finalidade é poñer en contacto a investigadoras e investigadores que queiran desenvolver ou poñer en marcha proxectos de diversa índole académica, investigadora ou divulgativa da Historia. É un proceso vivo, aberto e innovador no que cabe case calquera idea que se alonxe dunha mesa-taller tradicional. Ase, un Scriptoria pode ser, seguindo as liñas que se propuxeron para o VI Encontro de Zaragoza, un proxecto que teña por obxectivo dende a realización de obras colectivas de calquera tipo (como puideran ser monográficos ou dossieres) ata a elaboración de debates, exposicións ou calquera actividade relacionada coa divulgación na sociedade.

Cada Scriptoria contará con condicións loxísticas e temporais similares ás das mesas-taller. As propostas enviaranse igualmente ó correo indicado cun límite previsto de 8 Scriptoria. Cando se reciba a proposta dun Scriptoria farase público na web do Encontro para que calquera persoa interesada poida sumarse ó mesmo. En canto á data de recepción, retrasarase o necesario ate que se consoliden ditos grupos. (Enlace ó formulario: Word ou PDF).

Cando remate o prazo de envío de propostas, e tras analizar tanto o número de solicitudes recibidas como as súas características temáticas, o Comité Organizador comunicará a composición definitiva coa maior celeridade posible. Acto seguido, e tras contactar coas persoas encargadas de coordinar tanto mesas-taller como scriptorias, publicarase a **SEGUNDA CIRCULAR**.

Agradecendo a vosa atención, cordialmente,
O Comité Organizador